

Xornada de estudio sobre o galego na Administración local

(Ourense, 8 de maio de 1995)

Dolseiro da
EGAP

Alfonso Jurado Moreda

Organizada pola EGAP en colaboración coa Deputación Provincial de Ourense, realizouse o día 8 de maio, no Pazo de Vilamarín (Ourense), unha xornada que tiña por obxecto reflexionar e debate-las cuestións relacionadas coa normalización da lingua galega nas corporacións locais, coa finalidade de dinamizar e estende-lo seu uso neste ámbito.

A xornada ía dirixida ó persoal da Administración local da provincia de Ourense interesado no proceso de normalización lingüística dentro da súa corporación.

O primeiro relatorio, "A normalización lingüística e a EGAP", foi desenvolvido por D. Jaime Rodríguez-Arana, director da EGAP.

Empezou por lembra-las palabras de D. Ramón Piñeiro, no seu discurso de ingreso na Real Academia Galega: "Porque somos un pobo dotado dunha lingua e, polo mesmo, dunha cul-

tura, somos unha realidade orixinal dentro do patrimonio humano e a nosa misión consiste en que esa realidade orixinal aca-de a súa plenitude”.

Como se desprende das palabras de D. Ramón Piñeiro, a lingua, como instrumento básico de comunicación, é unha das principais ferramentas que ten un grupo humano para construí-la súa cultura. Está claro, pois, que a lingua subxace, dun xeito ou doutro, a tódalas actividades humanas, ningún dos falantes dunha determinada lingua pode sentirse alleo á preocupación pola situación da mesma.

Na medida en que a necesitamos día a día, xa que día a día a empregamos, precisamos estar seguros da súa validez como vínculo de comunicación, é un sistema aberto á evolución, derivada da condición da lingua como realidade viva, pero tamén rexida por un conxunto de normas que garantan que esta evolución non desvirtúa a súa validez como medio de entendemento entre os falantes.

O proceso de normalización ten, pois, dúas facetas consecutivas: unha primeira, na que cómpre fixa-lo código, a lingua propiamente dita, separando o local do estándar, as variantes da norma; e unha segunda na que ese código, fixado de acordo cos criterios establecidos polos especialistas, é difundido, ensinado e adoptado polos falantes.

No que se refire a esa primeira fase, faise de acordo cun fin último de funcionalidade, de utilidade máxima de cara ó sistema de comunicación, tentando diminuí-las posibilidades de confusión e simplificando o código.

Polo que se refire á difusión e ó ensino dunha normativa, debe ser recibida por tódolos galegos como o medio máis valioso á hora de outorgarlle á nosa lingua a plena potencialidade de uso que tantas veces lle ten negado a historia.

Este proceso de normalización que o idioma galego está a vivir nos últimos anos é, sen dúbida, un feito cultural e social de primeira magnitude. Isto permite comprender mellor cal é o papel concreto que a Escola Galega de Administración Pública desempeña no proceso de normalización e dinamización lingüística, así como a filosofía que preside o desenvolvemento dese papel.

Explicou o profesor Rodríguez-Arana a peripecia histórica do galego a grandes trazos, desde a súa aparición, a partir do latín, ata as súas épocas máis escuras, pasando polos grandes momentos da lírica trobadoresca ou o seu rexurdimento a fins do pasado século.

Abonda con lembrar que, pola peculiar historia de Galicia, a nosa lingua quedou limitada, na maior parte da súa historia, ós usos coloquiais, no sentido máis neutro e, ás veces, máis descalificador do termo, ou como lingua literaria.

Como é ben coñecido, a chegada ó poder da casa dos Trastámara, ocasionou un masivo relevo na alta nobreza e na xerarquía eclesiástica galega, que levou fóra de Galicia a nobreza galega e trouxo a Galicia nobres casteláns; isto consumou o definitivo afastamento do idioma galego do ámbito do poder, do ámbito da Administración.

O apartamento do eido administrativo foi prolongado, non está lonxe a época en que os cidadáns, que teñen que se-lo eixe principal da acción da Administración, se tiñan que relacionar con ela nun idioma diferente ó de uso cotiá e, ás veces, nalgunhas zonas, completamente alleo á súa bagaxe cultural.

É certo que a aparición do sistema de autonomías supuxo un paso importante á hora de achega-la Administración ó cidadán, un dos compromisos capitais que ten que cumprir toda Administración que aspira a ser moderna e capaz de prestar servicios de calidade. A Administración, por dicilo con palabras sinxelas, tenlle que falar ó cidadán "na súa lingua".

Sinalouse que falarlle á xente "na súa lingua" tiña que ser entendido en comunidades con lingua propia, nun sentido non xa figurado, senón literal. Así, tanto a Constitución coma o Estatuto consagran a cooficialidade da lingua propia da Comunidade, xunto co castelán, e deixan claro o papel primordial que os poderes públicos teñen que xogar para que esa desexada cooficialidade sexa unha realidade operativa para o cidadán, e non quede en mera declaración de boas intencións.

O relator explicou que a Lei autonómica 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, precisaba aínda un pouco máis as obrigas dos poderes públicos neste eido, e no seu artigo 24.1 menciona xa o papel que neste proceso terá que xoga-la Escola Galega de Administración Pública.

É desta serie de disposicións, e da filosofía que as preside, de onde xorde o compromiso da EGAP coa promoción e difusión do uso do galego na Administración pública.

Ó longo dos seus cinco anos de existencia, a Escola galega de Administración Pública vén desempeñando a tarefa que as leis lle atribúen como centro de formación dos funcionarios ó servicio da Administración galega, nos seus distintos niveis: autonómico, local, parlamentario, universitario.

E este compromiso ó servicio da formación inclúe tamén un

compromiso coa lingua galega, derivado do cumprimento do mandato estatutario ós poderes públicos: garanti-lo uso normal e oficial dos dous idiomas e potencia-lo emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa.

Dúas leis autonómicas concretaron no seu momento o papel que lle corresponde á EGAP neste mandato estatutario. No ano 1987, na Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública, e dous anos despois, na Lei 10/89, de modificación da lei de 1987, este papel a prol da difusión do galego era posto de manifesto novamente .

Na norma do ano 89 precísanse os fins da EGAP, insistindo no seu punto i):

"A difusión e a normalización do idioma galego na Administración pública, a capacitación lingüística do persoal e maila participación na fixación da linguaxe técnica, administrativa e xurídica galega."

A tarefa de difusión da lingua non é acometida pola Escola como unha simple suxeición ás normas legais que rexen o seu funcionamento. Vai moito máis alá, xa que a Escola sente un sincero compromiso coa lingua e coa cultura da nosa Comunidade.

Máis tarde, o director da EGAP recordou as accións levadas a cabo pola Escola en materia de promoción da lingua nos últimos cinco anos que, se ben comparten obxectivos finais comúns, poden ser agrupadas en varios apartados:

Accións de tipo organizativo interno.

Neste terreo hai que salienta-la creación, dentro da estrutura orgánica da Escola, da Sección de Linguaxe Administrativa. Esta unidade administrativa ten encargada a xestión dos asuntos relacionados coa actividade lingüística da Escola.

Tamén foi posto en marcha un Grupo de Traballo sobre Linguaxe Administrativa, co fin de achegar ideas a proxectos novos e informar da calidade e viabilidade das publicacións sobre linguaxe administrativa. Este grupo está composto por xuristas e lingüistas.

En canto ó traballo diario, tódolos actos e normas administrativas da Escola se producen en galego. O seu emprego é tamén obrigado na correspondencia e comunicacións internas ou externas. Ademais, o persoal da Escola emprega o galego nas súas relacións cos usuarios dos servicios do centro.

Cursos.

Ó longo da súa existencia, a Escola vén colaborando coa Dirección Xeral de Política Lingüística na organización de cursos de

galego dos niveis de iniciación e perfeccionamento. Nesta colaboración a EGAP encárgase da organización e do desenvolvemento dos cursos dunha forma descentralizada, para que se lles achegue a tódolos interesados; neste sentido, A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo e Santiago foron as cidades escollidas para desenvolverlos.

Un apartado especial dentro dos cursos fórmano aqueles dedicados á especialización en linguaxe administrativa galega para o persoal da Administración local.

Para mante-la calidade destes cursos, é preciso facer unha coidadosa selección dos participantes, no sentido de que estes contén cunha base apropiada de galego básico que permita asegurar un grao de homoxeneidade.

c. Seminarios.

Realizáronse dous, un sobre linguaxe administrativa galega e outro sobre linguaxe administrativa e técnica normativa. Ambos constituíron foros nos que se debateron algúns dos problemas que se lles formulan ós estudiosos e especialistas dedicados ó estudio da linguaxe administrativa e da linguaxe xurídica.

Estes seminarios forman, xunto cos traballos do Grupo de Traballo sobre Linguaxe Administrativa, o conxunto da actividade investigadora en linguaxe administrativa promovida pola EGAP. Unha promoción que é apoiada pola convocatoria de bolsas para a realización de estudos neste terreo.

d. Producción editorial.

Coa súa produción de libros, a Escola Galega de Administración Pública realiza unha forte actividade de promoción da lingua galega. Nos últimos cinco anos, preto de 40 libros sobre temas administrativos foron publicados pola Escola na nosa lingua. Tamén están xa editados oito números da *REGAP*, a revista oficial da Escola, así como dous boletíns case integramente escritos en galego.

Destes dous boletíns, cómpre destaca-lo que leva por título *Boletín de Administración e Lingua*, que con carácter semestral, dende o ano 1994 vén informando de temas lingüísticos relacionados coa actividade cotiá das administracións públicas.

Como se pode comprobar, a finalidade que persegue esta publicación é a de converterse nun material de consulta práctica, no que se recollan guías, normas ou aclaracións de utilidade inmediata. Un material que vaia enchendo algunhas das lagoas que aínda quedan por cubrir no terreo da linguaxe administrativa.

Detívose D. Jaime Rodríguez-Arana en falar dun xeito máis detallado do *Manual de Linguaxe Administrativa Galega*, do que se acaba de publicar hai pouco a terceira edición. O seu éxito de público demostrou que eran superadas as expectativas nel depositadas pola Escola. Persoal ó servicio da Administración, e tamén profesionais alleos a ela pero interesados no tema, demandaron o libro incesantemente, esgotándose a súa primeira e segunda edición, e todo fai esperar que a terceira siga un camiño semellante.

Rematou a súa intervención o director da EGAP lembrando que a difusión do galego non é para a EGAP unha tarefa illada con respecto á súa preocupación pola formación do persoal ó servicio da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Pola contra, o interese pola lingua, e sobre todo, pola linguaxe administrativa, non é senón un punto de apoio máis no que levar adiante unha serie de normas destinadas a dotar a nosa Administración dos trazos que teñen que acompañar unha Administración que está ás portas do ano 2000.

Contar cunha linguaxe propia, clara e concisa é, sen dúbida, un dos medios de contribuír á mellora da propia Administración. Unha mellor comunicación fará a Administración máis eficiente, próxima ós cidadáns, elevará a calidade dos seus servicios e suporá un pulo máis de cara á súa transparencia.

Estes son algúns dos obxectivos que pretende a EGAP, non xa no eido concreto da normalización e difusión do emprego da lingua galega, senón en todo o seu labor ó servicio da Administración e, por iso, de servicio ós cidadáns.

Deste xeito, humilde pero constante, a EGAP quere poñer o seu grao de area na tarefa que nos sinala outro vello galeguista, Xaime Isla, que nos insta a facer Galicia, proxectar Galicia, construír Galicia. O desexo é que a EGAP, cumprindo do xeito máis perfecto posible as súas razóns de ser, chegue máis alá. Que se poida constituír nun foro de debate no que teñan cabida tódolos temas que, dun xeito ou doutro, lle preocupan ou interesan á sociedade galega.

O segundo relatorio da xornada xirou ó redor da cuestión "Función pública local e normalización lingüística", e foi exposto por D. Xaquín Monteagudo Romero, secretario do Concello de Muros.

O conferenciante abordou o marco concreto no que se debe desenvolver a Administración pública en Galicia, que é en torno o ámbito xurídico, no que a Administración debe estar ó servicio do cidadán, e no ámbito lingüístico, que abrangue o dereito que ten o cidadán cando se comunica coa Administración.

Sen embargo, tamén é destacable o aspecto institucional, onde a Administración toma un papel activo que se ve reflectido na Lei da normalización lingüística, que no período 1988-93 logrou asentarse.

Tres son os puntos que o Sr. Monteagudo destacou neste sentido:

1. A Constitución española de 1978 subliña a importancia do problema lingüístico do país, dándolle un tratamento excepcional ó incluír no título preliminar do seu artigo 3.2: "As demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas, de acordo con seus estatutos"

2. O Estatuto de autonomía de Galicia, pola súa parte, sinala no artigo 5:

"1. A lingua propia de Galicia é o galego.

2. Os idiomas galego e castelán son oficiais de Galicia e todos teñen o dereito de coñecelos e de usalos.

3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilita-lo seu coñecemento."

Aparentemente parece que se establecía a igualdade das dúas linguas, pero esta medida deu lugar a discusións e xerou unha grande polémica sobre se era o non unha imposición constitucional a obriga de coñece-lo galego do cidadán.

No ano 1986, unha sentenza do Tribunal Constitucional declarou que, á parte do deber de coñece-lo castelán para tódolos españois, non se lles podía impoñer "ese outro deber complementario", que é o coñecemento da lingua propia da Comunidade Autónoma. Hoxe en día, esta sentenza está felizmente superada.

3. A Lei de normalización lingüística (Lei 5/88, do 21 de xuño de 1988), parte da declaración do galego como lingua oficial de Galicia. Esta lei responde a un proceso social e político, cronoloxicamente indeterminado, no que a sociedade debía poñe-los medios necesarios para repara-lo mal histórico que se lle fixo ó galego.

Continuou o relator insistindo en que a Administración pública galega non pode permanecer nunca neutral no proceso de normalización lingüística e, sobre todo, no campo xurídico dos medios de comunicación social e do ensino, deben desenvolver un papel activo, poñer tódolos medios necesarios para potencia-lo uso do galego no seu ámbito de actividade.

Non só polo feito da obediencia á lei debe esta-la Adminis-

tración capacitada para desenvolve-lo seu labor en galego, senón que debe dar exemplo, ser de parte activa no fomento do uso do galego, esto é o que significa realmente que o galego sexa lingua oficial.

Despois de 1983 e da Lei da normalización lingüística xurdiron unha serie de conflitos a nivel teórico-xurídico. A primeira sentenza do Tribunal Constitucional(lembrouse que foron tres sentencias), foi perturbadora, pero na actualidade está superada pola realidade social e pola propia dinámica do tempo.

Pero, ó mesmo tempo, as sentencias tamén tiñan detalles favorables no sentido de que no territorio de Galicia o idioma vale para manter relacións xurídicas en calquera tema (autosuficiencia da lingua propia: toda a función xurídica ten validez no idioma propio.)

O Sr. Montegudo continuou dicindo que a polémica se centrou no ámbito da Administración pública e, en particular, referiuse á función pública, onde os funcionarios sexan capaces de desenvolverse nas dúas linguas oficiais, o que a facía posuidora desa perspectiva perturbadora que se sinalou anteriormente.

Neste panorama os concellos xogan un papel de vangarda e comencan a esixir nos seus procesos de selección, para o acceso á función pública, o coñecemento do galego.

Ó comezo valorouse como mérito nun exercicio voluntario, medida que foi rexeitada polo Estado; así, o Tribunal Supremo declarou nulas tódalas convocatorias onde o galego era valorado como mérito para o opositor.

Teríase que esperar ata o ano 1986 en que se declarou válido e coherente a esixencia do galego, pero como establecía a Sentencia do Tribunal Constitucional, "terá que valorar caso por caso para determinar se é razoable ou non a introducción do galego".

O Tribunal Constitucional defendía o bilingüismo, pero non de maneira concreta no caso dos funcionarios. As comunidades autónomas formulan as súas leis de función pública; así, en 1985 en Cataluña dispónse de forma clara a favor do bilingüismo entre os seus funcionarios, que deberán demostra-lo seu coñecemento oral e escrito do catalán nas súas probas de acceso á función pública.

Esta medida é rexeitada polo Estado ante o Tribunal Constitucional e, tras unha espera de seis anos, nunha sentenza do 91 acepta o bilingüismo do funcionario; como consecuencia, tódolos funcionarios pertencentes ás comunidades autónomas bilingües deberán domina-las dúas linguas.

En xullo do 1992 o Parlamento galego modifica a súa Lei da

función pública e establece a obrigatoriedade do galego para tódolos procesos de acceso á Administración pública autonómica.

Débase ter en conta que o sistema educativo galego lle permite ó alumno, ó remata-la súa fase obrigatoria, domina-los dous idiomas, co que na práctica todo cidadán que pretende acceder á Administración pública debe demostrar este dominio.

Continuou o relator salientando que o mesmo ocorre na Administración local, e na carreira administrativa tamén ten o seu reflexo: promoción interna, concurso, etc.

A Sentencia do Tribunal Constitucional sinalaba que o coñecemento da lingua propia forma parte da capacidade e do mérito do cidadán que aspire á Administración pública.

Dentro do ámbito institucional o mellor servizo á Lei de normalización lingüística é dar exemplo con normalidade, seguir no camiño aberto polos concellos, que foi desenvolvido de maneira exemplar.

Desde o punto de vista profesional, a eficacia da Administración pública está vinculada ó trato cos cidadáns; a participación do cidadán na Administración é practicamente nula, inexistente, xa que non entende a linguaxe administrativa, que lle resulta complicada e escura debido á súa especificidade e tecnicismo.

Finalmente, o Sr. Monteagudo Romero apuntou que a incorporación do galego á Administración debe estar dirixida, no sentido de que o cidadán entenda mellor a Administración, o uso das tecnoloxías, a linguaxe administrativa, e débelle servir ó funcionario para o desenvolvemento da súa actividade normal.

O seguinte conferenciante, D. José Ramón Cólera Leirado, letrado do Parlamento de Galicia, disertou sobre "O marco legal: a Lei 5/88, do 21 de xuño, de uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais".

Comezou a súa intervención facendo referencia a que o epígrafe utilizado intenta cumprir unha dobre función: a primeira significativa, en canto pon de manifesto a obriga do poder lexislativo de promove-lo uso normal e oficial da lingua galega nas relacións entre os cidadáns e a súa Administración local, sen que ninguén poida ser discriminado por este motivo. Por outra banda, ten unha función defnitoria, en canto fixa a competencia legal que fai posible a virtualidade práctica do seu uso na Administración local.

De tódolos xeitos, esta dobre función non ten sentido se non partimos do feito social de que a lingua é a principal manifestación da identidade cultural dun pobo. Como dicía Wittgenstein, "ima-

xinar unha lingua é imaxinar unha forma de vida", e esa forma de vida ten reflexo nunha realidade social que está necesitada de recoñecemento oficial, a través dun sistema legal que lle dá cobertura e que promove a súa extensión á vida administrativa, neste caso á Administración pública local e á súa burocracia.

O Sr. Cólera Leirado, partindo desta formulación, desenvolveu o seu relatorio en tres aspectos:

a. *Oficialidade da lingua galega.*

O fundamento xurídico está baseado na sentenza do Tribunal Constitucional número 82/87, do 26 de xuño; esta doutrina reitérase tamén no fundamento da STC 46/91, do 28 de febreiro, na que se reconece a constitucionalidade do artigo 34 da Lei da función pública de Cataluña, e que tiña xa eco nas sentencias 83 e 84/86, constituíndo todas elas unhas consecuencias xurídicas fundamentais nas relacións dos galegos ante os poderes públicos e nas súas relacións privadas.

Deixou a un lado o relator o tema das relacións privadas e falou das relacións ante os poderes públicos, preguntándose qué clase de dereito é o uso normal e social do idioma galego.

Polos suxeitos intervenientes, é un dereito público subxectivo de participación e, polo seu contido, un dereito de prestación.

Ó ser un dereito público de participación, o cidadán, por unha banda, pode facer un uso normal do mesmo nas súas relacións coa Administración local, oralmente ou por escrito e, por outra, ten dereito a recibir contestación dos seus pedimentos na lingua libremente elixida. Son ámbalas dúas vertentes do seu dereito, a activa e a pasiva.

Fronte a este dereito hai que defini-la posición doutro suxeito da participación, ou sexa, a Administración local. O artigo 5 do noso Estatuto de autonomía e as leis autonómicas subsequentes establecen que os poderes públicos da Comunidade teñen que seguir pautas de comportamento que fagan efectivo o dereito a ese uso normal da lingua galega. É máis, se partimos de que o bilingüismo é unha realidade social da que se derivan auténticos dereitos subxectivos, tanto o Estado coma a Comunidade Autónoma de Galicia están obrigados a promover as condicións e supera-los obstáculos para facer posible unha liberdade real e efectiva no uso do galego, sen discriminacións.

É tamén un dereito de prestación que se consolida gradualmente, xa que non é posible, a golpe de lei, mudar dun día para outro un sistema educativo ou transformar unha Administración monolingüe noutra bilingüe.

Isto non supón a desnaturalización do dereito, senón a súa concreción efectiva e gradual, como pasa noutros dereitos desta clase a consolidación dos cales vén complementada por un conxunto de circunstancias sociolóxicas, financeiras e organizativas.

b. O procedemento administrativo local.

O apartado 2 do artigo 36 da vixente Lei 30/92, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, establece que o uso da lingua nas entidades locais se axustará ó previsto na lexislación autonómica. Este é o precepto vixente, sendo a fórmula de reenvío unha constante ó longo do tempo, se ben con distintas modulacións.

Un primeiro paso cara adiante deuno o Real decreto 1111/79, do 10 de maio, que permitía que nos debates nos órganos colegiados das entidades locais se utilizase indistintamente a lingua castelá e a usual no territorio da corporación, liberdade lingüística que se limitaba na fase da instrumentación documental das actuacións locais, ó impoñer como obrigatoria a súa redacción en lingua castelá, e potestativamente en galego tras acordo da súa corporación; establecíase, ademais, un *plus* en relación coas actas que se debían transcribir en dobre columna.

Un novo paso reflíctese nos artigos 86 e 110 do Regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais, con dúas versións; a primeira recollía o mandato do anterior Real decreto 1111/79, coa puntualización de que a redacción das actuacións documentais das sesións se farían en castelán e, ademais, en galego cando así o esixa a súa lexislación ou o acorde a súa corporación.

A segunda versión introduce unha modificación substancial, ó deixar aberta a posibilidade de que tódalas actuacións documentais integrantes das sesións, así como as actas, poidan ser redactadas en calquera dos dous idiomas oficiais na Comunidade, deixándolle sempre a decisión final á lexislación aplicable e ós acordos adoptados pola correspondente corporación local.

Estes antecedentes resultan valiosos para entende-lo contido da Lei 5/88, do 21 de xuño, sobre o uso do galego por parte das entidades locais. A devandita lei ten a súa orixe nunha proposición de lei presentada polo Grupo Parlamentario Mixto, admitida a trámite en xaneiro de 1987, que inicialmente constaba dun artigo único que recollía o contido dos artigos 86 e 110 do Regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais, con dúas modificacións:

■ Unha establecía que a redacción documental de tódolos actos antecedentes, simultáneos ou subseguintes dos órganos locais se farían, en todo caso, en lingua galega.

■ E outra indicaba que non se recollía a referencia explícita do dereito a utilizar no debate calquera das dúas linguas oficiais.

Posteriormente, e con base nas emendas presentadas polos grupos parlamentarios Popular e Socialista, o artigo único sufriu modificacións e incorporacións, reflectidas no texto vixente integrado por dous artigos e unha disposición adicional transitoria única.

O relator dixo que da Lei 5/88 se poden saca-las seguintes conclusións:

■ A primeira establece como obrigatoria a redacción, en lingua galega, da documentación integrante dos acordos adoptados polos órganos colexiados das corporacións locais. Así mesmo, configúrase como potestativa a súa redacción en castelán.

■ A segunda, para impulsar-lo proceso de incorporación da lingua galega á Administración local, preceptúanse tres obrigas institucionais:

■ Que a Xunta de Galicia impulse programas de información de funcionarios en lingua galega.

■ Que a Xunta de Galicia e a Administración pública, en xeral, garantan nos concursos de acceso de funcionarios á Administración local o coñecemento da lingua galega.

■ Que as entidades locais, no prazo de dous anos a partir da publicación da lei, adopten acordos de incorporación do galego como lingua normal nos actos da súa Administración.

Establecidas estas conclusións, o Sr. Cólera Leirado estimou oportuno facer unhas consideracións sobre o contido material da lei.

A primeira é a insuficiencia técnica do texto legal, que non abrangue tódolos actos e documentos que integran o procedemento administrativo local; por exemplo, non fai referencia ás decisións unipersoais do alcalde que adoptan a forma de resolucións ou bandos, e o mesmo se pode dicir das ordenanzas e regulamentos municipais.

Ante este feito é posible acudir, a xuízo do relator, a dous tipos de recursos:

■ Á fixación da lingua de redacción na que se han de producir os ditos actos documentais, a través dun regulamento orgánico ou dun regulamento sobre procedemento da Admi-

nistración local, que poden aproba-las entidades locais segundo o artigo 146 da ROF. Teríase que recoller en calquera das ditas disposicións xerais a obriga de redactar en galego estas disposicións.

■ Unha interpretación extensiva do texto legal a partir da súa exposición de motivos e da súa disposición transitoria única. A primeira fala "do uso normalizado da lingua galega na súa documentación oficial", e a segunda da súa incorporación de contado "como lingua normal nos actos escritos da Administración".

A segunda consideración do relator refírese á publicación das ordenanzas e regulamentos municipais. A interrogante aberta é a seguinte: ¿débase produci-la súa publicación só nun idioma ou nos dous oficiais dentro da Comunidade Autónoma?

Baseou a súa resposta no artigo 6.4 da Lei de normalización lingüística, que di que as corporacións locais deberán facelo de acordo coas normas recollidas nesta lei; e o artigo 5 subliña que as disposicións normativas e as resolucións oficiais da Administración pública galega se publicarán en galego e castelán no *Diario Oficial de Galicia*.

Tendo en conta estes antecedentes e o feito de que as normas xeran dereitos públicos subxectivos e relacións xurídicas ante a Administración e os órganos que teñen potestade xurisdiccional, a súa publicación debe ser bilingüe.

Fixo outra consideración en relación coa postura que se segue nas comunidades autónomas históricas respecto da potenciación da súa lingua na Administración local. Comparando o texto da lei vixente de Galicia cos artigos correlativos do País Vasco e Cataluña, demóstrase que o modelo de incorporación da lingua á Administración local foi distinto en Cataluña que no País Vasco.

En Cataluña chegaba con establecer un precepto de carácter permisivo e no País Vasco resultaba necesario un mandato imperativo. Entre ámbolos dous modelos insírese o galego, que mantén unha parte imperativa no artigo 1, que despois suaviza no apartado 2, abrindo a posibilidade da súa redacción en castelán.

Esta fórmula suscitou en debate parlamentario posicións políticas e ideolóxicas dispares, pero no aspecto estritamente xurídico existían presuncións dunha posible inconstitucionalidade do precepto, que non se declarou.

A cooficialidade propugnada pola Lei de normalización lingüística e tamén polo Regulamento de funcionamento de réxi-

me xurídico das entidades locais, non queda precisamente no texto do proxecto debidamente garantida. Evidentemente, temos pronunciamentos neste sentido do Tribunal Supremo, e mesmo do Tribunal Constitucional, que poñen claramente en evidencia o dito anteriormente.

c. *As consecuencias xurídicas da Lei 5/88.*

Manifestou o Sr. Cólera Leirado que unha consecuencia foi a petición de coñecemento do galego nas probas de selección para o acceso ás administracións públicas.

Esta proba de galego, necesaria para o acceso á Xunta, considérase no artigo 33 da Lei da función pública de Galicia, e tamén é aplicable ás probas de acceso na Administración local.

Rematou o seu relatorio manifestando a necesidade de resolve-las deficiencias técnicas que ten a Lei 5/88, así como supera-los problemas que leva consigo a proba de galego, considerada como de mérito.

Correspondeulle o cuarto relatorio a D. Xosé Antón Calviño Martínez, xefe do Gabinete de Normalización Lingüística da Delegación Provincial da Consellería de Educación de Ourense, que abordou o tema "Os gabinetes de normalización lingüística na Administración local: as súas funcións".

O relator comezou sinalando que, cando no ano 1984 se deron os primeiros pasos no camiño da normalización lingüística co asinamento do convenio entre distintos concellos de Galicia e a Universidade de Santiago a través do Instituto da Lingua, non había aínda a conciencia de que se estaban sentando as bases do que podería ser no futuro unha rede que había de contribuír definitivamente ó proceso de normalización lingüística.

Froito daqueles primeiros pasos naceron os *Cadernos de documentación municipal*, instrumentos absolutamente necesarios para que as autoridades e os funcionarios dispuxesen dun material axeitado que fixese máis doada a normalización lingüística nos concellos.

A primeira intención dos autores foi traballar, en distintos volumes, os distintos campos da actuación e áreas de xestión administrativa das entidades locais. Así, viron a luz os volumes sobre patrimonio e bens, contratación e urbanismo.

Pero non será ata uns anos máis tarde cando, despois de distintos avatares da Lei de normalización lingüística (LNL) con recursos inconstitucionais polo medio, agromen novos fitos no decorrer da normalización.

A Lei 5/88, do 21 de xuño, do uso do galego por parte das entidades locais, deulle o pulo definitivo, desde o punto de vis-

ta da legalidade, establecendo que as ordes de convocatoria de sesións, mocións, votos particulares, propostas de acordo, dictames das comisións informativas e actas das entidades locais de Galicia se redactasen en lingua galega, sen prexuízo de que se puidesen facer, ademais, na outra lingua oficial.

Continuou o relator dicindo que a Lei 5/88 obrigaba a Xunta de Galicia a adopta-las medidas para impulsa-lo proceso a través de programas de formación de funcionarios; neste sentido, convocáronse distintos cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua galega e, posteriormente, os cursos básico e medio de linguaxe administrativa galega para funcionarios de corporacións locais, así como dous cursos de linguaxe administrativa de nivel superior, que outorgan o diploma de traductor de concellos.

Ó mesmo tempo que se adoptaban estas medidas tamén se estableceron outras liñas de actuación:

- Convenio co Instituto da Lingua Galega.
- Subvencións ós concellos para campañas de normalización.
- Creación de servicios municipais de normalización lingüística.

Tamén establecía a Lei 5/88 un período de carencia de dous anos para que aquelas entidades locais que non estivesen en condicións de incorporar de contado o galego como lingua normal nos actos escritos da súa Administración puidesen adopta-las medidas oportunas para poder facelo.

Sinalou o relator que despois de case sete anos da publicación da lei se observa certo grao de incumprimento, que estimou en dous de cada tres concellos.

Polo tanto, cómpre facer unha reflexión sobre cáles poden se-los factores que teñen incidencia neste incumprimento. A ningún se lle escapa que hai uns factores volitivos, outros relacionados coas capacidades de recursos humanos e materiais, e mesmo, de tipo actitudinal, vinculados ós prexuízos aínda hoxe existentes.

Non se pode ignorar que en todo proceso de normalización hai un factor importantísimo de compoñente político; neste sentido, cómpre sinalar que o impulso que se pode e se lle debe dar á normalización vén determinado grandemente pola vontade política e a sensibilidade do executivo ou Goberno respecto deste tema.

Durante moito tempo, algúns centros de toma de decisións, sen seren alleos ó problema, non se preocuparon por unha cuestión que, quizais, considerasen secundaria.

O factor da vontade temos que engadirlle tamén o da capacidade. Moitos concellos non estaban suficientemente capacitados para emprenderen un labor de tal envergadura, ou non contaban con funcionarios axeitados para este traballo. Certo é que algúns concellos puideron alegar no seu momento falla de medios materiais e persoais para darlle cumprimento á lei, pero logo das iniciativas adoptadas pola Xunta a partir de subvencións, tanto para dotacións materiais coma persoais, este argumento cae polo seu propio peso.

Tamén hai que sinala-la permanencia dalgúns prexuízos na mentalidade dos responsables nos concellos; consideracións como aquela que sinalaba que o que cumpría aprender ben era o castelán, ou a de que o ascenso na escada social ía aparelado ó desprendemento de lacras como a lingua materna, ... contribuíron pouco a que se desen pasos no camiño da normalización.

Reflexionou o Sr. Calviño Martínez sobre a necesidade ou non da normalización lingüística nos concellos, recordando que o uso do galego nace da nosa propia identidade, recoñecida a partir dos preceptos constitucionais e estatutarios, de recoñecemento como lingua propia, e tamén que os poderes públicos teñen a obriga de protexela e impulsa-lo seu uso, sen esquece-lo seu uso oficial na administración local.

Independentemente dos imperativos legais, os datos do uso do galego mostran que hai unha porcentaxe grande de xente que non só sabe falar en galego, senón que fai uso desa lingua, sempre ou parcialmente.

Dedúcese, pois, dos datos que a lingua empregada maioritariamente polos cidadáns galegos nas súas relacións cotiás é a lingua propia e, polo tanto, se pretendemos achega-la Administración ós cidadáns, tal como se ten dito reiteradamente, non existe máis opción que achegarnos tamén pola vía lingüística.

A Administración local, coma a autonómica, ten que ser consciente destes feitos e da-los pasos necesarios para rachar cos prexuízos, demostrando que o galego tamén é unha lingua válida para os usos administrativos. E a mellor maneira de demostralo é a práctica diaria.

O relator manifestou que hai concellos nos que se ten avanzado moito no proceso de normalización, mentres que outros dan aínda os primeiros pasos. Non se pode tratar a todos por igual, xa que hai unha grande diferenza entre os concellos do rural e os concellos das vilas ou das cidades. Evidentemente, o factor de ruralidade ten unha importancia determinante. Así, dáse a circunstancia paradoxal de que onde o uso do galego é maiori-

tario por parte de poboación, o nivel de uso do galego escrito por parte da Administración local é minoritario; pola contra, nos concellos vilegos e urbanos, onde o uso do galego por parte dos cidadáns é menor, a Administración ten máis presenza da lingua a nivel escrito.

Por iso, o programa de actuación que se emprenda desde un servizo de normalización municipal deberá ter en conta todos estes factores, de xeito que as súas actuacións partan dunha realidade sociolingüística coñecida e establezan a curto, medio e longo prazo os obxectivos que se queren acadar.

O factor humano ten unha importancia tal no proceso de normalización, que non poderíamos emprender accións de normalización se non contasemos cun persoal cualificado técnica e profesionalmente.

Os funcionarios son os últimos elos da cadea que executa as medidas tendentes á normalización lingüística que se teñen planificadas, por iso a súa aptitude é fundamental. Cómpre, pois, que no concello exista, cando menos, a figura dun técnico que poida desenvolver-lo traballo de normalización. Una persoa cualificada técnica e profesionalmente que, despois de ter feito un estudio da situación de partida, sexa quen deseñe un plan de normalización lingüística que debe desenvolver-lo concello.

Comentou o Sr. Calviño Martínez que hoxe xa non se concibe que os concellos dunha certa entidade non conten cun técnico destas características, ou mellor dito, un Gabinete de Normalización Lingüística, posto que cómpre ter en conta o volume de traballo que se desenvolve e, xa de partida, a imposibilidade material de que sexa asumido por unha soa persoa.

Este técnico deberá contar, dunha banda, coa colaboración dun equipo de auxiliares e funcionarios con formación suficiente en lingua galega, cando menos cos cursos de iniciación e perfeccionamento, e, a ser posible, os cursos básico e medio para corporacións locais; doutra, cos medios técnicos informáticos para traballa-los distintos modelos de impresos que cumpriría traducir ou normativizar.

Debemos ter en conta que un gabinete de normalización lingüística debe dedicarse a máis cousas cá pura mecánica tradutora; ten que propoñe-las medidas suficientes que conduzan a un proceso no que o uso da lingua propia se vaia facendo normal en tódalas relacións do concello, tanto a nivel interno como a nivel externo cos cidadáns; do mesmo xeito, debe garantir que estes poidan dirixirse á Administración local na súa propia lingua, tanto a nivel escrito coma oral.

O Gabinete de Normalización Lingüística sería, pois, a estrutura encargada de deseña-lo plan de actuación, que deberá ser concertado polas forzas políticas, sindicais e veciñais, de xeito que tódolos sectores se vexan reflectidos e implicados no proceso.

Cun grupiño de persoas e unha coordinación axeitada co resto dos servicios poderíase emprender un labor que axiña daría os seus froitos.

Parecen necesarias dúas premisas básicas neste aspecto: unha, a dependencia administrativa de Secretaría Xeral do concello, que garanta un ámbito administrativo de presenza en tódolos demais ámbitos de actuación; outra, unha relación estreita co alcalde ou Comisión de Goberno, que garanta o desenvolvemento executivo do plan.

Sería tamén moi aconsellable a creación dunha Comisión pola Normalización con representación das forzas políticas, sindicais e veciñais, de xeito que se producise un seguimento do plan de galeguización.

As tarefas que deben realiza-lo gabinetes sintetízanse en tres:

- ▮ Velar por que sexa aplicada a LNL no ámbito de actuación do concello correspondente, así como a Lei do uso do galego polas entidades locais.

As accións máis salientables serán a confección en galego de actas, edictos, convocatorias de sesións, ordes do día, dictames das comisións informativas, mocións e elaboración de tódolos impresos oficiais en lingua galega.

- ▮ Ofrecerlles ós cidadáns asesoramento lingüístico para a corrección de textos e para a súa traducción se fose posible.
- ▮ Impulsa-la normalización do galego en diferentes ámbitos da vida pública.

Finalizou o relator a súa intervención sinalando algúns aspectos que non deben esquecerse:

- ▮ Non é o mesmo normalizar que traducir.
- ▮ Hoxe non existen razóns para seguir incumprindo a Lei de uso do galego polas corporacións locais.
- ▮ É necesario un plan de normalización lingüística en cada un dos nosos concellos.
- ▮ Cómpre unha actuación decidida por parte do poder político para levar adiante unha tarefa na que todos estamos implicados.
- ▮ E, finalmente, cómpre adopta-las medidas que garantan o dereito dos cidadáns galegos ó uso da lingua propia en tódolos ámbitos da súa vida.

Así pois, cumprida a primeira das funcións sinaladas, o obxectivo esencial é o da dinamización da normalización lingüística en tódolos ámbitos de actuación da vida municipal.

O seguinte relatorio, "Saúde social e idioma na Administración local", foi desenvolvido por D. Luis Rodríguez Míguez, médico.

Empezou a súa exposición comentando que poucas palabras como saúde ou enfermidade ofrecen unha interpretación tan variada e uns conceptos tan diversos. O vicio xeral é considerar estes termos como unívocos e que teñen sempre o mesmo significado.

A palabra saúde (ou enfermidade) é escura en si mesma, tomada da linguaxe metafísica, e leva o selo da arbitrariedade. O sentido no que se empregue debe ser preciso, a súa concepción debe ser traducida no acto.

O concepto de saúde non é un concepto estable, definido dunha vez para sempre, é un concepto cambiante e dinámico que varía en función das condicións históricas, culturais, políticas, sociais, económicas da comunidade que a formula ou que a acepta.

É ben sabido que o comportamento humano está determinado, máis polo que un cre acerca da realidade ca pola realidade mesma, e a xente varía moito nas súas interpretacións da realidade. Hai que subliñar que o ser humano é o único ser vivo que pode modifica-lo ambiente e, moitas veces, as máis, para mal.

Para que sexa operativa, é preciso unha definición ecolóxica do concepto de saúde e de enfermidade, non hai que esquecer que o ambiente inflúe máis có herdo, parecémonos máis ós coténeos que ós nosos proxenitores.

A saúde, exercicio normal e harmónico de tódolos actos vitais dun ser, esixe, non só a integridade orgánica, anatómica e funcional, senón determinadas condicións do ambiente.

Hoxe enténdese a saúde, non só como ausencia de enfermidade senón como un estado de equilibrio entre o home e o ambiente, equilibrio condicionado por factores biolóxicos, psicolóxicos e sociais.

A saúde é un dos primeiros dons do home. Esquecer este principio biolóxico-social fomenta os seus males, que teñen por causa a ignorancia dos postulados sanitarios, a pobreza e os factores negativos da civilización.

A salvagarda da saúde debe ser un dos cometidos principais e primordiais da nosa vida e, sen embargo, soamente nos preocupamos da saúde cando a perdemos, botándoa moito de me-

nos e apreciando o seu grande valor e importancia. A saúde é o capital máis valioso do home, e se non é todo é tan importante que o resto sen ela non é nada.

Continuou o relator falando da identidade do ser humano, onde a súa constitución nos sitúa na encrucillada da natureza e da cultura, do coñecido e da imposibilidade de adquirir un coñecemento completo.

Cada ser humano é o resultado do encontro, nun certo momento e nun certo lugar, entre o físico, o psíquico e o social; estando tódolos seres humanos feitos desas tres substancias, ónde e cándos ocorren as cousas fai que cada un sexa distinto.

Noutras palabras, o que somos vén determinado polo modo en que conducímo-la nosa propia existencia, polas relacións que establecemos para produci-la. En boa medida, máis que un resultado, algo que vén dado, pechado, acabado, somos un proceso aberto, sometido a cambios, inacabado.

Todo ese proceso de realización do ser humano ten lugar nunhas condicións dadas, nun marco de relacións, cunha linguaxe, cunhas condicións de produción da propia existencia que veñen dadas; sobre elas cada un actúa reforzando ou modificando o existente.

Salientou o Sr. Rodríguez Míguez que unha lingua é un sistema de códigos elaborado por un pobo para nomea-lo mundo que o rodea, para comprende-la realidade, relacionarse cos seus semellantes.

O home fúndase na comunicación, sexa por medio de voces, imaxes ou signos, é dicir, licuámo-la nosa substancia na comunicación e fusionámonos cos demais, fundirse para fundarse incesantemente.

A lingua é un ben común e hereditario que temos que deixar no mellor estado posible; polo tanto, todo o que se refira á lingua é como roza-la pel da alma; de aí a virulencia que se produce cando xorde un conflito idiomático, porque non é só un produto intelectual, senón sentimental, psicolóxico.

É a través da lingua cómo se percibe a realidade, que só é distinta e variada no momento en que se lles dá nome ás cousas; pero é a realidade a que conforma as linguas e o ser profundo das sociedades e dos individuos.

Finalizou o seu relatorio pondo de manifesto que, para acadar un nivel axeitado de saúde, especialmente nos campos mentais e sociais, é preciso unha boa integración da identidade do ser humano, o que se ten que realizar na propia cultura, da que a lingua é un dos factores esenciais.

Xa que Galicia é bilingüe, e a Administración local, desde sempre, é a que está máis preto do cidadán, debe presta-los seus servicios nos dous idiomas, galego e castelán, entre outras razóns para contribuír ó fomento e protección da saúde mental e social e evita-lo complexo de inferioridade ancestral do falante monolingüe en galego.

A xornada rematou co relatorio titulado “Un modelo de normalización lingüística”, presentado por D. Felipe Ferreiro Feijoo, ex director do Gabinete de Normalización Lingüística da Deputación Provincial de Ourense.

Centrou a súa exposición facendo unha relación-enumeración dos puntos seguidos pola Deputación de Ourense para desenvolver-lo proceso de normalización.

Hai que deixar ben claro que antes houbo que estudia-la situación de partida e toma-la decisión de actuar, e ademais face-lo cunhas intencións e nunha dirección determinada.

Os pasos que seguir no caso da Deputación de Ourense foron:

- Preparación lingüística dos traballadores.
- Establecer un plan de actuación tralo coñecemento da situación.
- Normalizar toda a documentación interna.
- Potencia-lo uso escrito e oral por parte dos traballadores.
- Potencia-lo uso nos medios de comunicación: anuncios, declaracións, etc.
- Uso da toponimia.
- Uso en comisións, plenos, etc.
- Publicacións en galego, libros, revistas, etc.
- Publica-los boletíns oficiais en galego.
- Subvencións de actos e actividades en lingua galega.
- Facer campañas de sensibilización en favor do uso da lingua.
- Contar con persoal especialista.
- Organizar xornadas, congresos, cursos de galego, tanto para o persoal coma para os veciños.
- Aplicar e cumpri-la lexislación.
- Colaborar coas consellerías, concellos.
- Esixencia do coñecemento da lingua galega para os traballadores públicos.

Destacou o relator o labor feito polo presidente da Deputación D. Xosé Luis Baltar, que é un dos políticos que máis firmemente apostou a prol da normalización lingüística do idioma propio de Galicia.

Hai que salientar a actuación, como complemento importante, do actual secretario xeral, D. Benito González, e do anterior secretario; tamén cómpre salientar-la actitude de acollida, en xeral, por parte de tódolos funcionarios e traballadores.

O gabinete de galego conta con tódolos medios materiais e humanos precisos para desenvolver-lo seu labor, mesmo en espacío local, desde hai algúns anos foi mimado e iso favoreceu o proceso.

Desde o punto de vista orzamentario, tamén ten recursos suficientes para os cometidos encomendados. Da mesma maneira, en persoal conta hoxe en día cunha persoa especialista, licenciada en galego, con dedicación exclusiva.

Ademais, son outras catro persoas, funcionarias da Deputación, as que se dedican en xornada de tarde, e en repartimento de luns a xoves, a traducir, corrixir ou pasar a ordenador. Estas persoas teñen os coñecementos suficientes para este cometido e xa mostraron a través de probas obxectivas establecidas e libres.

Para remata-lo seu relatorio, o Sr. Ferreiro Feijoo comentou que o gabinete se encarga de todo o traballo en materia de lingua da Deputación; destacan as traducións de libros para publicacións e o *BOP*, diario e puntual, que na maioría dos casos hai que traducir porque os anuncios procedentes de concellos, xulgados, Tribunal Superior de Xustiza e outros, chegan en castelán.

Tamén lles imparte cursos ós traballadores da Administración local, de nivel básico e medio, así como de iniciación e perfeccionamento.

A xornada en Ourense finalizou cunhas palabras de despedida do presidente da Deputación de Ourense, Sr. D. José Luis Baltar, que agradeceu a presenza dos asistentes. 